

## **15 meses de *Hirak*: impresións dun observador participante**

*Guieiro para metropolitan@s: no Rif, preguntar, escoitar, comprender, respectar, acompañar, apoiar....sempre en segundo plano. O protagonista é o pobo rifeño que teima en se recoñecer como suxeito político soberano.*

### **Breve radiografía do *Hirak al Shaabi* (Movemento Popular) do Rif.-**

Polo que transcendeu, o *Hirak* é un movemento de masas transversal, no que están presentes distintas sensibilidades verbo da necesidade ou non dunha estrutura organizativa; da maior ou menor espontaneidade e autonomía das mobilizacións locais; do xorne estritamente socioeconómico das reivindicacións<sup>1</sup>; da maior ou menor importancia a dar á cuestión cultural e identitaria; da introdución ou non dun debate político sobre a monarquía e o “encaixe” do Rif en Marrocos (autonomía política, autogoberno, independencia...), do laicismo, do pacifismo activo nas iniciativas...O movemento popular rifeño, xurde nun país caracterizado pola súa relación complexa co reino de Marrocos, cando menos en tres aspectos relacionados entre si: identidade propia, vinculada á etnia amazigh; marxinação económica e social que o sitúa na periferia (o chamado “Maroc inutile”); reconciliación incompleta co estado marroquí, tras unha problemática traxectoria na que historicamente alternaron etapas de cooperación, ruptura e conflito.<sup>2</sup>

Debido ao desprestixio como intermediarios políticos dos partidos en Marrocos<sup>3</sup>, o *Hirak* implementouse desde un rexeite visceral aos mesmos, unha desconfianza que se estendeu mesmo ás institucións locais e as estruturas asociativas da zona que funcionan

1 Estas foron recollidas nunha carta reivindicativa de mínimos dada a coñecer o 5 de marzo de 2017: novo hospital en Al Hoceima, creación dunha universidade na zona, instalación de empresas, infraestruturas diversas, crítica á *hogra* entendida como desprezo á cidadanía rifeña, liberación de presos, recoñecemento no Rif do idioma amazigh na administración, combate á corrupción, desmilitarización, fin da confiscación das terras colectivas...

2 Sobre o roteiro do país rifeño e a súa particular identidade, é recomendable o recenté libro de David Alvarado, “De Abdelkrim a los indignados de Alhucemas”, con Limiar do xornalista Ali Lmrabet, editado en 2017 polos Libros de la Catarata. Para albiscar a conflictividade entre o estado marroquí e o Rif, nunha perspectiva centro-periferia derivada das asimetrías de tipo económico, político e social existentes no reino alaouita, pódese consultar o traballo de Ángela Suárez-Collado, “Le temps des cerises” en el Rif: análisis de un año de protestas en el norte de Marruecos”, CIDOB, Notes Internacionals CIDOB 184, Noviembre 2017.

3 Un desprestixio moi acentuado no Rif: nas eleccións parciais ao Parlamento celebradas en xaneiro de 2018 na provincia de Nador, só votou o 14,4% do censo.inscrito, ou sexa que a participación real foi aínda máis baixa.

na legalidade <sup>4</sup>, consideradas todas elas na órbita do “*maqhzen*”<sup>5</sup>. Isto arrefriou as relacións tanto con certos sectores políticos, intelectuais e asociativos próximos ás marxes do sistema, caso do partido Voie Démocratique (Annahj Addimocrati)<sup>6</sup>. De todos xeitos, na actualidade este grupo segue a acompañar ao *Hirak* máis que nada na actual fase clandestina, por medio da incesante labor solidaria cos/as perseguidos/as da AMDH ou do activismo da ADCH. Tamén o grupo local "Memoire du Rif", que mantén unha certa distancia co *Hirak*, serve na actualidade como modesto referente internacional (Holanda e Francia, sobre todo) para a diáspora rifeña.

Como movemento transversal que é e como defensa fronte á intensa represión que sofre neste intre, no *Hirak* aínda conviven tendencias máis duras e próximas ao republicanismo e as esquerdas<sup>7</sup>, con xente máis apolítica que só pretende que o Estado non discrimine ao Rif, sen pretender mudanzas políticas relevantes (estado de dereito, democracia, república, autonomía/ rexionalización) que outros si reclaman. No seu interior están presentes, así mesmo, correntes laicas influidas polo Movemento Cultural Amazigh, o islam popular, ou os salafistas de Al Adl na al Ihsam, (Xustiza e Espiritualidade), máis coñecidos como a Yemâa, próximos aos Irmáns Musulmanes, e moi activos na combativa zona de Imzouren/Ait Bouayach. Como "outsider" se mantén a distancia, máis que nada na colonia rifeña dos Países Baixos, o movemento independentista "18 de Setembro" do potentado exiliado Said Chaou, antigo deputado próximo ao Partido Authenticité et Modernité (PAM, vinculado a Mohamed VI), e reclamado a Holanda por Marrocos por varias causas presuntamente relacionadas co narcotráfico e a corrupción.

Dentro dunha notoria autonomía nas iniciativas de mobilización, que permitía incorporar diversas reivindicacións locais, ata o día da súa detención (26 de maio de

---

4 Tecido que conta con agrupacións de carácter nacional caso da Association Marocaine des Droits Humaines (AMDH), a Association des Diplômés Chômeurs (ADCH), ou o grupo feminista Forum de Femmes; tamén numerosos grupos locais, entre os que destacan "Memoire du Rif" e "Rif Siglo XXI", de Al Hoceima. Neles, están presentes veteran@s activistas procedentes das loitas sociais dos anos 80-90, do 20-F de 2011 (a mal chamada, nesta zona amazigh, “Primavera Árabe”) e do Movemento Cultural Amazigh.

5 Denominación popular do poder político; asociada nesta altura ao réxime da dinastía alaouita.

6 Partido de extrema esquerda, marxista-leninista ex maoísta, virtualmente clandestino e contrario á participación electoral no actual “statu quo”. Moi activo nos sucesos do 20-F de 2011, está presente na zona a través do AMDH e do ADCH e apoiou desde un principio o *Hirak*, pero foi acusado de querer instrumentalizar o movemento e arestora mantén co mesmo relacións distantes.

7 Co ex preso político e agora encadeado de novo, Mohammed Jelloul, como figura relevante moi popular en Imzouren, ou o mestre de Ketama, Mohammed El Mehaoui.

2017), o líder carismático do *Hirak*, Nasser Zafzafi, semellou exercer de “bonaparte” inspirado en Abd el Krim el Khattabi (a cuxa figura estiveron vinculados moitos devanceiros dos activistas), sen aparecer de xeito explícito como nacionalista, pero difundindo un discurso interclasista dirixido á xente humilde, ilustrado coa simboloxía propia e con repetidas mencións aos referentes históricos, relixiosos e identitarios comúns, sen desbotar o debate autonómico pendente sustentado nos desequilibrios territoriais que afectan ao Rif <sup>8</sup>. Desta maneira, pensamos, foi quen de “crear comunidade” achegando as distintas tendencias e compatibilizando os distintos malestares que están na orixe do *Hirak*, ao combinar as formas relixiosas do islam popular, coas preocupacións sociais e culturais contempladas á luz da memoria histórica do Rif, propias das esquerdas e a corrente amazigh. Até a fase clandestina e represiva (primavera de 2017), as manifestacións se levaron a cabo con imaxes de Abd el Krim e abundancia de bandeiras amazighs; tamén da República do Rif (1921-26), primeiro aos poucos, logo de xeito habitual. Non se debe deducir deste emprego masivo da simboloxía anticolonial inspirada en Abd el Krim, a existencia no Rif dunha explícita reivindicación política de xorne republicano e independentista fronte ao *maqhzen*, mais tampouco esquecer a forte identidade propia que a sustenta <sup>9</sup>. De feito, as propias orixes do *Hirak* están vinculadas a unha forte conciencia de singularidade, que vai en aumento en paralelo á progresiva deriva periférica do país tras a independencia; velaí:

*“Le discours que nous avons dans le Hirak, s’il n’était pas issu du langage symbolique et historique des gens, le Hirak n’aurait même pas existé. Tu ne peux pas venir avec le discours du marxisme, ou de l’orientalisme. Quand on était jeune, on était solidaire de la Palestine, de Gaza, de la Lybie etc. Quand la gauche était hégémonique. Mais même à ce moment-là, nous avons cette inclination pour le Rif. Les anciens ne parlent que du colonialisme, de 58-59 etc.”*<sup>10</sup>

No tocante ás semellanzas co 15-M español, o *Hirak* comparte un certo “adanismo”, o pacifismo a eito, a drástica desconfianza cara partidos, sindicatos e tecido asociativo

---

8 Entrevista á socióloga Soraya El Kahlaoui, integrante do Comité de Apoio ao *Hirak*, de Casablanca, publicada na edición francesa do dixital *Middle East Eye*, o 5/9/2017.

9 Zaireg, Reda, “La Crise du Rif révélatrice de l’échec du développement au Maroc”, [orientxxi.info/magazine/la-crise-du-rif-revelatrice-de-l-echec-du-developpement-au-maroc,2190/](http://orientxxi.info/magazine/la-crise-du-rif-revelatrice-de-l-echec-du-developpement-au-maroc,2190/), publicado o 2/06/2018.

10 Velaí as declaracións de Nourredin Lemallan, veciño de Al Hoceima e integrante do colectivo “Memoire du Rif” en Hamza Esmili e Montasser Sakhi, “Observations autour du Hirak n’Rif-6. Le Hirak dans le Rif: la réactivation de solidarités anciennes”, *Emancipations*, [http://taharour.org/?observations-autour-du-hirak-n-rif-](http://taharour.org/?observations-autour-du-hirak-n-rif-6)

legalista e, até a actual fase clandestina, a autorganización á luz do día, aberta ao conxunto da poboación. Porén, parte do movemento bebe tamén de influencias con carácter rexional procedentes do Movimiento Cultural Amazigh, y doutras máis politizadas, radicais e antimonárquicas herdadas do 20-F de 2011, no que participaron algúns dos activistas máis veteranos caso do propio Jelloul ou a militancia de Voie Démocratique. É difícil na actual fase clandestina detectar a continuidade deste esquema e a evolución da relación de forzas no interior dun *Hirak* impenetrable, moi golpeado pola represión e o medo. Non obstante, na colonia rifeña radicada nos Países Baixos, Bélxica, Francia y tamén en Catalunya (en moita menor medida no resto), é apreciable a influencia de posicións nacionalistas, nalgún caso independentistas, no movemento.

### **Cronoloxía dos acontecementos a partir de maio de 2017.-**

Segundo as nosas percepcións, a consideración do goberno marroquí e dos partidos políticos (singularmente o PAM, situado na oposición e orixinario do Rif en boa medida) está baixo mínimos en grande parte da poboación rifeña; algo que non é novo, pero que se agravou a mediados de maio, logo da declaración conxunta dos partidos que forman a actual maioría gobernamental<sup>11</sup> sumados ao Istiqlal, e na que acusaban de traidores e separatistas aos rifeños do *Hirak*. Tras esa declaración, o día 18 de maio se produciu a que quizáis fose a maior manifestación habida no Rif dende a declaración de independencia (1956), con perto de 50.000 participantes que percorreron a cidade de Al Hoceima/Alhucemas<sup>12</sup>. No seu transcurso, criticouse moi duramente aos partidos en xeral e o seu descrédito aconsellou ás seccións locais do PJD, Istiqlal e USFP desmarcarse da postura oficial das súas organizacións.

Tampouco a iniciativa de diálogo e mediación coa sociedade civil e instancias gobernativas, levada a cabo en Tánger polo PAM (co presidente da rexión de Tánger-Al Hoceima e secretario do partido, o rifeño Ilyas El Omari, á cabeza) mediado o mes de xuño, foi dabondo para que este partido xogara (e recuperara) o papel de intermediario entre o movemento popular e a coroa que esta lle adxudicaba, debido ao rexeite do

---

11 Composta por unha coalición de 6 partidos encabezada polo islamista moderado PJD e na que está integrada a esquerda domesticada pola monarquía, tal que os ex comunistas do PPS e os socialistas históricos da USFP.

12 Al Hoceima non supera os 80 mil habitantes, que se duplicarían no caso de ter en conta a súa contorna inmediata: Axdir, Imzouren, Boukidar, Ait Bouayach, Izenmouren, Ait Kamra...

*Hirak* e o actual illamento social do PAM na zona, por causa do absentismo do partido durante os sucesos iniciados en Al Hoceima eo 28 de outubro de 2016, tras a morte do vendedor de peixe Mouhcine Fikri. Non rematou aí o desencontro entre as organizacións locais *versus* os aparatos nacionais partidarios: logo da desmedida actuación policial do 26 de xuño, en pleno Ramadán, cinco presidentes de Cámaras municipais da provincia de Al Hoceima (Louta, Rouadi, Ait Hadifa, Beni Urriaghel e Tamassint), pertencentes 3 ao PAM, un ao PJD e outro á USFP, presentaron a súa demisión, desconformes coas restricións á libre circulación e as actuacións policiais.

Despois da manifestación do 18 de maio, o goberno encabezado polo ministro de Interior Abdelouafi Laftit e o de Asuntos Islámicos Ahmed Toufiq, incrementou a represión mediante o que en Marrocos se coñece como política “*securitaire*”, co obxectivo de impedir as mobilizacións cidadás. Como consecuencia, a estrutura militante do *Hirak*, asentada inicialmente en asembleas públicas e manifestacións convocadas nelas, se debilitará, deixando paso ás accións espontáneas e a un personalismo crecente na toma de decisións<sup>13</sup>. En maio, pois, se intensificará a prohibición de convocatorias e as numerosas detencións desembocarán a cabo do mes no apresamento de Nasser Zafzani, acusado de *fitna* (disidencia relixiosa) e do resto dos principais activistas; ou sexa, comeza a fase clandestina do *Hirak*. Se acaso, o rotundo éxito daquela convocatoria e a dureza das intervencións dalgúns oradores coa monarquía (algo moi pouco habitual en Marrocos), alarmaron ao *maqzen*. Esta aposta “*securitaire*”, consistente na extrema ocupación policial e militar da zona<sup>14</sup> e na conculcación dos dereitos de información, reunión e manifestación, semella que pretendeu se aproveitar do Ramadán, cuxa observancia rebaixa moito a actividade social no país, coa pretensión de controlar o *Hirak* durante o mes de xuño. Tras as continuas manifestacións nocturnas nos bairros populares de Al Hoceima, Imzouren e outras pequenas localidades durante o mes en cuestión, o fracaso desta estratexia foi notorio. Como se demostrou na intensa e accidentada mobilización do día 26 de xuño, convocada aproveitando o final do Ramadán, o *Hirak* continuou, se ben coa imposibilidade de evidenciar o seu xorne multitudinario debido á resposta do aparato do

---

13 Hamza Esmili e Montasser Sakhi, “Observations autour du Hirak n’Rif-3”, Emancipations, <http://taharour.org/?observations-autour-du-hirak-n-rif-3>

14 Fontes extraoficiais estiman que, en determinados momentos álxidos -finais de xuño, presenza do rei en xullo e no aniversario do *Hirak* a fins de outubro- os efectivos policiais e militares no territorio do Rif, superaron os 25.000 soldados e policía uniformados.

Estado; esta colleu de sorpresa aos activistas, que non agardaban unha represión tan acentuada debido tanto á popularidade do *Hirak*, como pola súa repercusión exterior.

A extrema severidade do *maqhzen* manterase ata o día de hoxe, evidenciada na dureza do trato aos presos, na imposibilidade real de exercer en todo o territorio do Rif as liberdades públicas, na prevalencia da Direction Generale de la Sureté Nationale (DGNS)<sup>15</sup> por riba das decisións do goberno e na negativa a abordar os aspectos políticos das reivindicacións (derrogación do Dahir<sup>16</sup> de 1958 que facilita a militarización do territorio, liberdade dos presos, *status* do Rif...). Esta estratexia de firmeza na rúa se complementou, dun lado, co desembarco masivo de ministros e funcionarios no Rif, para supervisar as múltiples obras de infraestruturas en curso previstas no Plano de Desenvolvemento do Rif denominado “Al Hoceima: Phare de la Mediterranée”, que o monarca Mohamed VI presentou como alternativa económica da zona, e, por outro, con certa permisividade demostrada con algúns activistas moderados<sup>17</sup>, que parecían ter adoptado logo das súas detencións e rápida posta en liberdade condicional, unha actitude un chisco máis conciliadora coa monarquía.

Durante o verán, entre o 7 e o 29 de Xullo máis que nada, continuaron as manifestacións espontáneas, con moitas dificultades debido ao axexo policial e tamén á canseira de máis de nove meses de loitas incesantes<sup>18</sup>. O día 7 de xullo houbo unha sentada de mulleres nunha praza céntrica de Al Hoceima; tamén centenaes de xoves e menos xoves se manifestaron con saltos espontáneos durante horas polo centro da urbe, co resultado de varios feridos e detidos ao ser dispersados pola policía, con especial protagonismo da secreta. O día seguinte, houbo manifestacións nocturnas en Imzouren e Souani; tamén tentativas abortadas en Al Hoceima. Desde o Aid El Fitr<sup>19</sup> as mobilizacións foron moi imaxinativas, para facer fronte á atafegante presenza policial e manter a tensión na localidade: manifestacións en distintas praias, practicamente todos os fins de semana, tamén dentro da auga e con exhibición de sandías enfeitadas con lemas da revolta e o símbolo amazigh *yaz*; toma de illós; manifestacións de miúdos en

---

15 Que mantén un vínculo directo co rei, sen control do Executivo.

16 Decreto.

17 Partidarios dun *Hirak* máis estruturado e críticos co personalismo de Nasser, representados polo ex wahabista de Imzouren, Mortada Lamrachen. Porén, o talante de Mortada favorable a un acordo coa monarquía, non impediu a súa condena a 5 anos de prisión a fins de novembro.

18 Neste período houbo varias greves xerais con desigual seguimento e máis de 500 manifestacións recoñecidas polas autoridades, nos primeiros 5 meses. Segundo fontes activistas, hoxe se superan as 750.

19 Festa coa que se celebra o final do Ramadán, que no ano 2017 cadrou co 26 de xuño,

Al Hoceima; marchas polo monte en Tamassint, ou de automóbiles tocando a buguina en distintas localidades; apagóns e caceroladas dende as terrazas das casas de Alhucemas enarborando bandeiras negras de dó; sentadas de mulleres cos seus fillos; cortes de luz no porto pesqueiro e consignas espontáneas dos vendedores de peixe....O 19 de xullo houbo senllas manifestacións nocturnas en Midar e Targuist; o 27 do mesmo mes en Aroui, con miles de manifestantes, encabezados por varias mulleres de Al Hoceima, entre elas a nai de Nasser Zafzani e a activista Nawal Ben Aissa, que chamou á liberación de todos os presos sen condicións....

Porén, a partir do mes de setembro as mobilizacións públicas case que desapareceron ou pasaron desapercibidas para os medios, asolagadas pola militarización, as detencións y o exilio de non poucos activistas. Máis tarde, no aniversario da morte de Mohucine Fikri (28 de outubro) tivo lugar un pequeno repunte, esmagado pola impresionante presenza policial e militar nas poboacións, así como polos continuos controles nas estradas: houbo saltos sen consolidar en Alhucemas e peche de comercios e talleres nos barrios populares; folga xeral con paralización total do comercio en Imzouren e manifestación nutrida; mobilizacións en Tensaman, Nador e a Universidade de Oujda, onde estudan moitos rifeños e rifeñas. Coincidindo co inicio do xuízo de Nasser Zafzani e outros 53 activistas rifeños en Casablanca (novembro de 2017), se reiniciaron as mobilizacións en Imzouren, Ait Bouayach e Tamassint convertidas arestora no epicentro do *Hirak*, así como na localidade emerxente de Aroui/Monte Arruit ao leste, na provincia de Nador. Dende aquela e ata o día de hoxe, as manifestacións e concentracións nocturnas continúan nas devanditas localidades<sup>20</sup> e o intenso despregue policial persiste. O *Hirak* clandestino está, por tanto, debilitado na súa capacidade de actuación en territorio rifeño; porén, non finou.

### **Un chisco de xeografía política.-**

---

20 8 menores foron detidos e ducias de domicilios invadidos o día 4 de decembro. 33 detidos nas manifestacións acontecidas nesas tres localidades o día 10, co gallo do Día dos Dereitos Humanos; 18 ficaron presos, entre eles 12 menores. 19 detidos o día 19, dos que 11 eran menores. Ver <http://www.lavanguardia.com/internacional/20171211/433573568102/la-policia-marroqui-pone-en-detencion-preventiva-a-18-activistas-rifenos.html?> O 21 de decembro, se convocou unha nova folga xeral para esixir a liberdade dos presos de Casablanca, con seguimento notable en Imzouren, Ait Bouayach, Tamassint e, en menor medida, Alhucemas, así como unha importante mobilización en Ait Hadifa, Aroui e Nador, esta última en conmemoración do 34º aniversario das “revoltas do pan” de 1984 que produciron numerosas vítimas na cidade; nela, houbo 8 detidos.

As mobilizacións se localizaron maiormente na provincia de Al Hoceima (a capital, Imzouren, Ait Bouayach, Tamassint, Ait Hadifa, Ait Abdallah, Tougrout, Souani, Ait Kamra, Boukidar, Axdir, Rouadi,...), e os focos coinciden na práctica tanto cos lindes da kábila dos Ait Ouryaghel, como coas zonas máis castigadas durante os sucesos de 1958-59<sup>21</sup>. Sempre dentro do Grande Rif, xa foron menores en Nador (onde tamén houbo detidos e presos, entre eles o seu líder Ahmed Sultana, agora en liberdade) e Aroui, así como na Universidade de Zelouán, Midar, Dar Driouch, Targuist, Zaio, Tensaman, Senhaya, Ksar el Kebir, algunha episódica iniciativa estudantil en Tetouan e Tánger....En todo caso, o *Hirak* conseguiu recuperar unha mínima cohesión “rifeña”; algo sempre dificultoso nun país baixo vixilancia, desestruturado, dividido e non recoñecido administrativamente como o Rif:

*Le discours constitué au cours de l'expérience politique du Hirak est ainsi celui qui permet la formation ou la réactivation de liens sociaux qui permettent en retour la mobilisation, plusieurs participants au Hirak nous diront ainsi que "ce n'est que la seconde fois de l'histoire du Rif que les tribus s'unissent, la première étant sous Moulay Mohand que Dieu le bénisse". C'est donc à ce dernier point qu'il s'agit de porter le regard, à la résurgence de solidarités anciennes au sein du Hirak.* <sup>22</sup>

Ou sexa, en certo modo o movemento permitiu rachar a lei do silencio imposta desde a revolta de 1958 e recordar solidariedades sociais e territoriais só efectivas nos tempos das kábilas (no primeiro aspecto) e de Abd el Krim (no segundo), crebadas despois polos españois e o estado marroquí.

Antes do outono, no resto do territorio magrebí só foron de subliñar, ademais da multitudinaria manifestación solidaria de Rabat acontecida o 10 de xuño, diversas accións na capital marroquí e en Casablanca (onde existen senllos comités de apoio ao *Hirak* moi activos), e outras de menor relevo promovidas polas seccións locais do AMDH ou a Confederation Democratique du Travail (CDT) en Méknes, Fés, Agadir, Marraquech....Houbo, en todo caso, un significativo número de convocatorias no Medio Atlas (Beni Mellal-Khenifra, Imintanout, M'Rirt, Aghbalou n'Ait Sekman,

<sup>21</sup> Ait Ouryaghel, kábila á que pertencía Abd el Krim e a que levou o maior peso da loita anticolonial. Sobre o acontecido na sanguenta revolta de 1958-59, é indispensable visualizar o documental do xornalista rifeño Tariq El Idrissi, “Romper el silencio” (2014): <https://www.youtube.com/watch?v=aOjI2JmYc9M>

<sup>22</sup> Hamza Esmili e Montasser Sakhi, op. cit. A provincia de Al Hoceima está incluída na Rexión Occidental Tánger-Tetouan-Al Hoceima, mentres que as provincias rifeñas de Nador e Driouch pertencen á Rexión Oriental, xunto con Oujda, Berkane, Jerada, Taourirt e Figuig.



Azilal) e no Souss (Ouazazate, Tinghir, Imider, Zagora), zonas amazighs onde o recoñecemento identitario mestrouse coa denuncia da represión e as reivindicacións locais de infraestruturas sanitarias e defensa quer das terras comunais, quer dos recursos hídricos fronte á grandes explotacións mineiras e agrarias.<sup>23</sup>

Neste contexto, o 16 de xullo a Federación Nacional de Asociaciones Amazighs, emitiu un comunicado onde se afirmaba que as orixes do *Hirak* estaban vinculados á marxinação dos amazighs en Marrocos, algo que días despois recoñeceu o goberno de maneira implícita cando pretendeu ampliar a súa actividade de rexeneración socioeconómica ao territorio de Beni Mellal-Khenifra, ademais do Rif. É de sinalar igualmente, que este aspecto identitario estivo moi presente na caravana bautizada “Tililli”<sup>24</sup>, organizada polo comité de apoio do *Hirak* de Casablanca a comezos de xaneiro de 2018 e que xuntou en Imider (Tinghir)<sup>25</sup> distintas correntes (esquerdas, amazigh, islamistas) críticas co *maqzen* e solidarias tanto co *Hirak*, como co movemento popular xurdido a fins de 2017 en Jerada (Oujda) tras a morte de dous mineiros nunhas explotacións de carbón ilegais.<sup>26</sup>

Partindo destes feitos, non semella nada claro que, malia a nutrida manifestación solidaria levada a cabo o 10 de xuño en Rabat<sup>27</sup>, haxa indicios de que o *Hirak* se estenda polo territorio magrebí fora do Grande Rif; ou cando menos un *Hirak* tan específico como o rifeño. Se ben é certo que houbo nos últimos meses diversas explosións sociais en zonas marxinas do periférico “Maroc inutile”<sup>28</sup>, derivadas dun modelo de crecemento desigual, estrativista e autoritario, a ausencia de solidariedade efectiva co

---

23 No transcurso desta conflictividade, o 31 de xullo morreu en Azilal (Medio Atlas) o labrego El Ghazi Khelladi, que levaba tres meses en folga de fame como protesta pola expropiación das súas terras; o suceso, provocou intensas mobilizacións na zona, que contan co apoio e a simpatía do *Hirak* rifeño.

24 “Liberdade”, en tamazigh.

25 Localidade do Medio Atlas (zona amazigh), dende 2011 referente en Marrocos da loita contra a minaría a ceo aberto; esta confrontación continuada deixou numerosos presos políticos, que en datas recentes comezan a ser liberados. Ver [http://www.huffpostmaghreb.com/2018/01/04/tilili-caravane-liberte\\_n\\_18934262.html](http://www.huffpostmaghreb.com/2018/01/04/tilili-caravane-liberte_n_18934262.html)

26 O accidente foi o detonante dunha ampla mobilización popular en reclamo da intervención do goberno, para paliar o atraso e a marxinação da zona. O movemento tomou tamén o nome de *Hirak* e algunhas das características dos seus homónimos rifeños, tal que o xorne masivo, ausencia dos partidos e sindicatos, pacifismo, crítica á marxinação do territorio e reivindicación de medidas socioeconómicas... Ver <http://www.middleeasteye.net/fr/reportages/sous-le-charbon-de-jerada-les-braises-d-un-nouveau-hirak-308150872>

27 Na que, se acaso, a maioría da xente asistente tiña referentes rifeños ou, cando menos, amazighs, fora da maioritaria comitiva islamista da “Yemâa”.

28 Tinghir, Zagora e Jerada, as máis relevantes, seguindo o camiño de Imider.

*Hirak* (limitada mesmo naqueles territorios amazighs) e a incomodidade coa simboloxía propia do movemento rifeño<sup>29</sup>, seguen a ser a tónica xeral na grande maioría do territorio marroquí. Até agora, e malia as profecías dunha multiplicidade de activistas magrebís (residentes no país ou na diáspora) ben pouco predispostos a contemplar o “feito diferencial” rifeño, entendemos que o *Hirak* se comporta como un movemento de masas con alicerces maiormente vinculados a este territorio singular, cuxo encaixe no reino alaouita comeza a ser posto en cuestión. É certo que o Rif comparte os sentimentos de marxinação e agravio respecto do *maqzen* con outras zonas deprimidas de Marrocos, mais, como apuntamos, os rifeños e as rifeñas teñen, froito do seu particular roteiro histórico, unha conciencia de diferenza que os distingue e aporta ao *Hirak* un carácter, unha continuidade e unha cohesión realmente peculiares. Velaí as declaracións do coñecido xornalista Ali Lmrabet, natural de Tetouán:

*“Las revueltas en Marruecos son cíclicas. Vendrán otras revueltas, seguro, pero nadie puede prever ni cuando ni porqué ni como se van a desarrollar. Pero los marroquíes saben que si se rebelan serán seguramente reprimidos con fuego real con el beneplácito de la Unión Europea y de Estados Unidos....Lo del Rif es diferente. Los rifeños no se sienten integrados en el conjunto nacional porque así lo han querido ellos mismos y los sultanes y reyes marroquíes. Hay que saber que hasta 1927, fecha del fin de la Guerra del Rif, el Majzén no tenía prácticamente ningún control sobre el Rif. Es el colonialismo español el que permitió que el régimen tomara posesión formalmente de esta zona.”*<sup>30</sup>

En todo caso, un movemento contestatario a escala “nacional” marroquí precisaría dun ambiente social máis en tensión e menos submisivo ás propagandas do *maqzen*<sup>31</sup>, así como co protagonismo da Yemâa, principal forza política con capacidade real mobilizadora no conxunto de Marrocos confrontada ao *maqzen*, en hipotética avinza (moi discutible, arestora) con distintas correntes minoritarias de esquerda como Voie Démocratique ou a Fédération de Gauche Démocratique, únicas coas que o *Hirak* mantén interlocución.<sup>32</sup>

29 Bandeiras amazighs e da República do Rif; omnipresencia do símbolo *yaz* e da figura de Abd el Krim...A exhibición destes símbolos, contrasta coa ausencia total daqueles propios do Reino de Marrocos, algo moi mal recibido tanto polas autoridades e instancias xudiciais, como polos medios de comunicación de masas do país.

30 Publicadas o 31/01/2018 no blogue do tamén xornalista marroquino Youssef Ouled, <https://ymouled.wordpress.com/>

31 O relato do Goberno, conforme o *Hirak* pretende a separación do Rif de Marrocos e está financiado polos baróns rifeños da droga, está moi estendido entre as capas populares de todo o país magrebí.

32 Ver a presenza de Ahmed Zafzafi no recente (xaneiro) congreso do Partit Socialiste Unifié (PSU), integrante da Fédération. Por certo, tanto Ahmed Zafzafi, o seu fillo Nasser e o activista Mohammed Jelloul, son da etnia Ait Ouryaghel.

En definitiva, semella que, coa excepción dalgún conflito illado e certos núcleos de activistas no Medio Atlas, no Souss, Rabat e Casablanca, a soidade de Abd el Krim en 1921-26 e de Haj Sellam Ameziane en 1958-59, repítese.<sup>33</sup>

### **O aparato do Estado. A represión que non cesa.-**

Desde o inicio da primavera de 2017 ata o día de hoxe, a presenza policial<sup>34</sup> e do exército, é abafante e impediu levar a cabo con normalidade calquera iniciativa cidadá. Debido á visita de tres deputados belgas<sup>35</sup> o día 8 de xullo, os efectivos se retiraron aparentemente do centro de Al Hoceima, tal que a Praza Messira al Hadra, (rebautizada polo *Hirak* como Dos Mártires) e de Imzouren. Aparentemente, porque os uniformados se substituíron pola moi visible acumulación de policías de paisano e as “furgonas” policiais seguiron distribuídas por cada recuncho da cidade. O goberno e os medios de comunicación cooptados polo *maqzen*, pretenderon presentar esta aparente retirada como elemento de normalidade cara o exterior, mais tamén como moeda de troco para que o *Hirak* se comprometese a non realizar manifestacións públicas. A partir de aí, o PAM (algunhas das súas autoridades locais no Rif, en concreto), os elementos menos “securitaires” do executivo e determinados círculos intelectuais de Rabat, Casablanca, Fes e Marraquech, premerían de xeito hipotético cara un posíbel indulto real para os/as presos/as. Pero nada diso aconteceu e o fracaso da intermediación social destes sectores foi patente.

A actuación das forzas de seguridade foi moi violenta durante as mobilizacións do Ramadán (xuño) en Al Hoceima, particularmente nas barriadas populares de Sidi Abid e Marmoucha, onde se utilizaron gases lacrimóxenos en espazos moi estreitos e con pouca ventilación. A contundencia con que se dissolveu a manifestación do 26 de xuño, onde houbo numerosos feridos que non ingresaron no hospital por medo a ser detidos e da que non se libraron mulleres e rapazada<sup>36</sup>, é ben coñecida porque se publicou dabondo nas redes sociais. Fixéronse públicas, asemade, as dificultades que houbo ese

---

33 Unha soidade posta de manifesto polo xornalista Ali Lmrabet no Limiar ao devandito libro de David Alvarado.

34 Todas as policías habidas e por haber: xendarmes, policía local, forzas auxiliares, brigadas de intervención rápida, secreta...

35 Pertencentes ao Partido Socialista valón. En Al Hoceima, se entrevistaron con autoridades ou colectivos da sociedade civil e visitaron instalacións educativas e sanitarias.

36 40 rapaces foron atendidos ese día no hospital polos efectos dos gases.

día para circular, de resultas aos numerosos controis que, mesmo, impediron que moitas persoas de Imzouren, Axdir ou Ait Bouayach celebrasen o Aid el Fitr en familia. Abundan, así mesmo, os vídeos onde as forzas da orde pública utilizan ondas, andan a cantazos, atacan establecementos, casas, motocicletas e autos particulares e mesmo rouban bombonas de butano, bicicletas ou teléfonos móbiles. É público que son habituais, así mesmo, os insultos dos policíaos á xente rifeña, tratándoa de “fillos de españois” ou “fillos de puta”. É tamén moi coñecida (e sufrida) na cidade e a súa contorna, a contundencia dos métodos empregados polo oficial de policía Issam Tadi, sinalado como responsable de malos tratos na Prefectura de Al Hoceima.

O informe presentado o 4 de xullo polo Conseil National des Droits de L'Homme (CNDH), organismo oficial vinculado á Instance Equité et Réconciliation (IER)<sup>37</sup>, sinalaba cando menos 34 persoas presas obxecto de “*traitements dégradants, violences, insultes, menaces, humiliations de toute sorte*”<sup>38</sup>. Entre elas, Nasser Zafzani, mallado e violado cun pau, tal e como transcendeu segundo declaración dun dos seus avogados, Mohamed Ziane; con posterioridade ao informe en cuestión, Mohammed El Mehaoui denunciou as presións para asinar unha declaración inculpatória, tras a ameaza de violación da súa muller e fillas; pola súa banda, a cantante Silya Ziani manifestou ser obxecto de gravacións e vexacións sexuais, ao igual que o xornalista Hamid El Mahdaoui, entre outros. Por certo, este cru e pouco habitual informe do CNDH<sup>39</sup>, provocou unha campaña contra o seu presidente Driss El Yazami, por parte da Direction Generale de la Sureté Nationale (DGSN, contraespionaxe) impulsada polo seu director Abdelatif Hammouchi, que, como é sabido, está procesado en Francia acusado de torturar no ano 2010 ao boxeador franco-marroquí Zakaria Moummi. Pola súa banda, semella que en resposta ao informe do CNDH, o ministro de Estado e Dereitos do Home, Mustapha Ramid (PJD), fixo pública pouco despois unha declaración onde se afirmaba textualmente que “as principais vítimas son as forzas da orde”, na mesma liña dos medios de propaganda do *maqzen* que informaron de 39 policíaos lesionados tras o

---

37 O IER foi un organismo auspiciado (2004) polo rei Mohamed VI, para promover a reconciliación e a reparación ás vítimas da represión do Estado durante o reinado de Hassan II.

38 Ver <https://ledesk.ma/2017/07/04/rif-les-securitaires-declarent-la-guerre-driss-el-yazami/>.

39 Que non tivo, fora da Association Marocaine des Drets Humaines (AMDH), a penas repercusión en capas sociais marroquíes autodenominadas progresistas, caso da “intelectualidade” ou dos sindicatos, coa tépeda excepción da CDT; tampouco noutros organismos exteriores caso da ONU e a UE ou en gobernos europeos, cuxo silencio ou mesmo apoio ao *maqzen* é rechamante. Este illamento do *Hirak* nas principais chancelerías europeas, continúa a día de hoxe con ben poucas excepcións.

26 de xuño e acompañaron a denuncia con algunhas fotografías daqueles en actitude doente, exhibindo presuntas radiografías das súas fracturas<sup>40</sup>. Ao cabo e seguindo coa estratexia do “pau e a cenoura”<sup>41</sup> por parte do *maqhzen*, a primeira semana de xullo o devandito ministro Ramid solicitou sen moita énfase a liberdade provisoria da activista Silya Ziani, presa en Casablanca e única muller prisioneira naquel intre.

Segundo declaracións efectuadas o día 6 de xullo, o Ministro de Relacións co Parlamento e a Sociedade Civil, Mustapha El Khalfi, concretou en 176 o número de persoas en detención preventiva; así mesmo, entre cincuenta e sesenta estarían entón en procura e captura ou desaparecidas, todos/as procedentes do Rif (Al Hoceima, Imzouren, Ait Bouayach, Tamassint, Axdir, Ait Kamra, Tougrout, Nador, Dar Driuch..). O día 29 dese mesmo mes, fontes activistas calcularon en máis de 240 as persoas que estaban reclamadas polos xulgados, delas 184 estaban presas e 63 fuxidas, unhas cifras que coincidían coas oficiais; logo, o 2 de agosto, a AMDH estimou en 264 persoas as que foran xulgadas. En realidade, o número de detidos semella ter sido moito maior<sup>42</sup>, aínda que moitos foron postos en liberdade tras horas ou días de padecer malos tratos nas instalacións policiais; así, logo dos sucesos do 26 de xuño, fontes activistas falaban de 150 detidos tan só ese día. De acordo cun comunicado de Amnistía Internacional datado o 28/11/2017, perto de 410 activistas rifeños do *Hirak*, entre eles o líder, Nasser Zafzafi, están a ser xulgados ou cumprindo penas que van dende os 6 meses aos 20 anos en diversas cadeas do país<sup>43</sup>. Ao cabo, no devalo de 2017 fontes activistas avaliaron entre 500 e 1400 as persoas detidas, presas, desaparecidas ou exiliadas dende o mes de maio; delas, en torno a 100 serían menores de idade. A represión ampliada á rapazada xa foi denunciada pola AMDH no mes de novembro, que confirmou a presenza duns vinte menores de idade nas cadeas, mentres nas localidades de Al Hoceima, Imzouren e Ait Bouayach, xa

---

40 Non obstante, en varias desas instantáneas se podía apreciar que tais radiografías nada tiñan que ver co asunto e pertencían a mulleres embarazadas...

41 Prometer “urbi et orbi” todo tipo de iniciativas –reforzo de liñas aéreas, repoboación con froiteiros, fábrica de lácteos, infraestruturas sanitarias, culturais e turísticas, asfaltado masivo de estradas, rúas, pistas e camiños...- e encher a cidade de obras insustanciais para que se vexa que o Estado benfeitor bule e, ao tempo, ningunear ao *Hirak* e perseguir á cidadanía.

42 O goteo é continuo: o día 7 de xullo houbo novos apresamentos, en número de 27 segundo as redes sociais; o día 17, outros tres en Ait Kamra; o 20 de xullo, 35 como mínimo; o 24 de xullo dous en Tamassint; o 27 de xullo, un en Aroui; o 30 de xullo varios en Al Hoceima...E así ata o 11/12/2017, en que o periódico catalán *La Vanguardia* informou da detención de 33 veciños de Imzouren, Ait Bouayach e Tamassint, tras unha manifestación.

43 <https://www.amnesty.org/en/latest/news/2017/11/morocco-protesters-activists-and-journalists-detained-over-rif-protests-must-be-released/>. No comunicado AI pide a liberación de Nasser e do resto dos activistas.

se produciron detencións de menores en manifestacións e de estudantes nos mesmos recintos dos centros educativos <sup>44</sup>. Esta é unha práctica represiva que vai en aumento, debido a que os menores de idade están a substituír nas mobilizacións non permitidas aos activistas do *Hirak* presos ou exiliados.

Como se apuntou, o trato que reciben os principais activistas parece ser degradante, pois transcendeu que todos eles (incluída Silya Ziani) foron gravados case espídos, lembrando as prácticas humillantes dos EEUU aos iraquís presos en Abu Graib, previo traslado á sede da DGSN: o episodio ocasionou un novo enfrontamento entre esta e os responsables da Direction Générale de Administration Penitenciaire (DGAPR). Estas prácticas provocaron a greve de fame do conxunto dos presos entre o 17 e o 25 de xullo, data na que se desconvocou. Os casos máis preocupantes foron os do xornalista colaborador de Balil.info, Rabiá El Ablak<sup>45</sup> e o de Silya Ziani cuxo avogado denunciou no seu día que padecía “depresión con tendencia suicida”, demandando a inmediata posta en liberdade; na rúa tamén transcenderon as malas condicións que Silya aturou de inicio na súa cela de illamento. A soa posibilidade de que houbera un desenlace fatal neste episodio, influíu con toda seguridade na referida petición do ministro Ramid e provocou a convocatoria dunha campaña internacional de denuncia do seu caso, a cargo do comité de apoio ao *Hirak* de Rabat encabezado pola coñecida activista Khadiya Ryadi <sup>46</sup>. Para resumir, en verbas do xornalista rifeño radicado en Madrid Youssef Ouled:

*“Para refrescar la memoria. Desde mayo cientos de personas han sido detenidas y encarceladas por manifestarse. Prisión preventiva de hasta 6 meses, declaraciones inventadas, torturas, celdas de aislamiento durante meses, intentos de violación, amenazas y causas contra abogados...Periodistas detenidos por informar, otros expulsados para que no informen. Menores encerrados. Imad El Attabi muerto tras alcanzarle un proyectil mientras se manifestaba en Alhucemas el 20 de julio.*

---

44 As cifras da AMDH foron ratificadas recentemente polo responsable do centro de reclusión de menores de Nador, que cifrou nunha ducia de rapaces os que no mes de decembro de 2017 continuaban alí. Pouco antes, o día 22 de novembro, fora liberado Abderrahman Azri, de 14 anos, que pasou tres meses naquel correccional, logo de ser detido en Al Hoceima tras o enterro de Imad El Attabi e acusado de manifestación ilegal. <http://www.lesiteinfo.com/maroc/al-hoceima-le-plus-jeune-detenu-du-hirak-a-ete-libere/>

45 Rabiá estivo 40 días en greve de fame até o seu remate o día 3 de agosto, logo de ser ingresado nun hospital de Casablanca, xa en perigo de morte.

46 Antiga presidenta da AMDH. [http://www.huffpostmaghreb.com/2017/07/07/silya-marocaines-campagne-de-protestation-\\_n\\_17423060.html](http://www.huffpostmaghreb.com/2017/07/07/silya-marocaines-campagne-de-protestation-_n_17423060.html).

*Rechazada la libertad condicional de cientos de detenidos, condenas que van desde los tres meses a 20 años.*<sup>47</sup>.

Na actualidade, distintos testemuños e fontes vinculadas á AMDH sinalan que a actitude do aparato do estado respecto dos presos e detidos continúa a ser moi agresiva e degradante, mentres que os procesamentos son tan frecuentes que a propia asociación non é quen de asegurar a presenza de observadores/as en todos eles <sup>48</sup>.

No mes de novembro de 2017, comezou en Casablanca o xuízo contra 54 activistas rifeños detidos de xeito arbitrario por exercer os seus dereitos. Entre eles, Nasser Zafzani e 6 xornalistas: H. El Mahdaoui (Badil info), M. El Asrihi e J. Al Sabiry (Rif 24), Houssein Al Idrissi (Rif Press), F. Assidi (Awar TV) e Rabiá El Ablak (colaborador Badil info). Logo de moitas interrupcións e protestas polo trato aos procesados (van esposados, dentro dunha gaiola de cristal,...), a vista continúa a día de hoxe con observadores internacionais (AI, Reporteiros Sen Fronteiras,...) e nacionais (AMDH, CNDH...). Compre lembrar que as penas ás que se está a condenar aos activistas de a pé (non aos considerados dirixentes) detidos son moi duras: a maioría entre 3 meses e 12 anos de prisión firme, só por se manifestar, formar parte do *Hirak*, ou informar das mobilizacións. Como contraste, os funcionarios de pesca e traballadores do servizo de recollida de lixo implicados na morte de Mohucine Fikri, xa están ceibos tras 8 y 5 meses de cadea, respectivamente. Témesese que no xuízo dos principais representantes (Nasser Zafzani, Mohammed Jelloul, Mohammed El Mehaoui, Nabil Ahamjik...), as penas sexan moi graves; de feito, xa transcendeu que algún cargo podería levar de seu a solicitude de pena capital.

Case cen familias rifeñas teñen presos na cadea de Oukacha, en Casablanca; o resto está disperso entre Alhucemas, Khenifra, Taourirt, Taounate e outras prisións marroquís. O trato que reciben é discrecional, variando dunhas cadeas a outras, aínda que a AMDH denunciou a situación da prisión de Taounate, onde os presos do *Hirak* están mesturados

---

47 Ver o seu perfil de twitter o día 28/11/2017. Á morte de El Attabi, se refería ese mesmo día no seu perfil de twitter o xornalista Ali Lmrabet, exiliado en España e Francia: “*Deux témoins oculaires de la mort de l'activiste rifain Imad El Attabi, tué par la police à Al Hoceima, et dont la mort a été cachée pendant plusieurs semaines par les autorités, ont été condamnés par la justice, l'un deux à 12 ans de prison*”.

48 Mediado o mes de decembro, o xulgado de Al Hoceima condenou a penas de ata 12 anos a 24 activistas do *Hirak*. <http://www.elperiodico.com/es/internacional/20171212/marruecos-condena-a-24-activistas-rifenos-a-penas-de-hasta-12-anos-de-carcel-6491213>

con presos comúns de extrema perigosidade, de maneira que xa houbo episodios de extrema brutalidade. Ao comezo, para ver os presos de Casablanca (máis de 9 horas de viaxe) as familias debían fretar autobuses ao prezo de 300 Dhs por persoa e, como son na súa meirande parte xente humilde e non se podían permitir ir a hoteis ou pensións, durmían e comían nas inmediacións da prisión; todo iso para poder falar cos presos un só día á semana e a penas unha hora. Esta situación deu lugar a un importante movemento de solidariedade en Rabat e Casablanca, onde os comités de apoio ao *Hirak* impulsados pola AMDH e outros colectivos sociais, ofertan agora infraestrutura e medios aos familiares para que continúen a realizar as visitas á cadea. Pola súa banda, até hai pouco, o CNDH financiaba algúns autobuses para os familiares dos presos, medida que foi interrompida recentemente como represalia polas protestas dos procesados no xuízo de Casablanca.<sup>49</sup>

Por último, sentadas solidarias que se realizaron e realizan diante do Parlamento de Rabat ou en Casablanca, foron atacadas e disolvidas violentamente pola policía e os chamados “baltajis”<sup>50</sup>. Estas actividades continúan despois de que o día 5 de agosto se celebrara unha xornada en solidariedade cos presos rifeños na sede da CDT de Casablanca, consistente nunha velada artística con presenza de artistas rifeños tal que o grupo musical Agraz (que ten un dos seus compoñentes preso) e a proxección de películas do referido cineasta rifeño Tariq El Idrissi.

É preciso denunciar a represión selectiva que numerosos xornalistas independentes, fotógrafos, blogueiros, etc. (Rabiá El Ablak, entre eles) padeceron nos últimos dous meses: na alborada do *Hirak*, os medios de comunicación oficiais ficaron desbordados polo dinamismo dos periódicos dixitais e das redes sociais, que acompañaron ao movemento e informaron ao minuto e dende múltiples lugares do que acontecía. Este feito abundou para que o *maqhzén* atacara ao colectivo difusor: ao inicio do verán, os activistas contabilizaron sete periodistas independentes presos e procesados (arestora un menos, ao ser liberado Mohammed Hillali), acrescentados o 20 de xullo co coñecido editor de Badil Info, Hamid Mahdaoui, cuxa liberación xa esixiron repetidas veces Reporteiros Sen Fronteiras, o Committee to Protect Journalist británico e a Liga de

---

49 Nos últimos días de novembro transcendeu, así mesmo, a prohibición de que as familias entreguen comida aos presos da Oukacha, polo mesmo motivo.

50 Eis, o acontecido o 8 de xullo diante do Parlamento, cando foron maltratados entre otr@s Khadiya Riyadi y Abdelaziz Nouaydi, vinculados á AMDH. Os “baltajís” son grupos de matóns que ameazan e atacan opositores do réxime. No Rif, teñen actuado repetidas veces en Nador.



Dereitos do Home francesa, que tamén denunciaron as limitacións á liberdade de prensa. O veterano xornalista rifeño Alí Lmrabet, denunciou o 2 de xullo desde o seu perfil de twitter: *“Il n’y a jamais eu autant de journalistes marocains en prison, et jamais eu autant de silence complice à l’étranger”*. Aos poucos, os problemas con periodistas se foron "internacionalizando", pois á expulsión en Al Hoceima dunha xornalista *free lance* malaia con pasaporte británico en marzo, dun xornalista arxelino a finais de maio en Nador, o 26 de xullo transcendeu a expulsión a Ceuta de dous periodistas españois de *El Correo Diplomático*, José Luis Navazo (residente en Tetouan e casado cunha marroquí) e o seu colaborador en Madrid Fernando Sanz; estas expulsións foron rexeitadas pola Federación de Asociaciones de Periodistas de España (FAPE), que esixiu (sen resposta) ao ministro de Exteriores Dastís algún tipo de protesta fronte ao estado marroquí.

Dende o verán, diminuídos polas represalias, difusores “amateurs” continúan a informar, se ben os audiovisuais son a cada máis esporádicos e de peor calidade <sup>51</sup>, quer pola detención dos difusores máis profesionais, quer por evidentes motivos de seguridade. A día de hoxe, a vizosa rede de blogues e periódicos dixitais que existía no Rif (Araghi TV, Rif24, RifSat, Awar TV...), está esfarelada; os que fican, a penas continúan o seu labor moi mediatizados pola autocensura provocada polo medo a represalias. Ao cabo, dende o verán as dificultades de activistas e xornalistas internacionais para acceder a Al Hoceima, son cada vez maiores: nos días anteriores ao aniversario do *Hirak*, xa se impediu a entrada de informadores alemáns, tunecinos ou italianos, mais acadou maior repercusión mediática a prohibición de realizar o seu traballo na cidade ditada o 21 de decembro á xornalista francesa de France Inter, Vanessa Descouraux. Con posterioridade, o 9 de febreiro de 2018 a xornalista holandesa Willemijn de Koenig sufriu a mesma medida.

É de salientar tamén que, conforme pasa o tempo, a represión governamental semella querer ampliar o seu radio de acción a segmentos antes no controlados, tal que as redes sociais (eis, persecución á activista Hadya Ziyani de Ait Hadifa, polos seus comentarios en Facebook), as defensas dos presos (condena de 20 meses de cadea contra o avogado Abdessadeq El Bouchtaoui) e os propios activistas rifeños na diáspora, que comezan a estar no punto de mira dos servizos secretos ou da xudicatura do réxime alaouita.

---

<sup>51</sup> Son habituais os enfoques deturpados, procurando non desvelar as caras dos manifestantes. Tamén son agora de menor duración...

Ao cabo, na actualidade, dos máis de, segundo fontes activistas, 25.000<sup>52</sup> policías e soldados que chegou a haber nas diversas provincias en conflito do Rif (Al Hoceima, Driouch, Nador) entre os meses de xuño e outubro de 2017, xa marchou unha parte significativa, tras a visible diminución das mobilizacións. Endebén, a sensación de zona ocupada continúa e os pequenos roces e incomodidades amargan a vida cotiá de Alhucemas e contorna.

Esta deriva autoritaria e involutiva no tocante aos dereitos humanos, non pasou desapercibida a sectores da sociedade marroquí que xa padeceran no reinado de Hassan II a conculcación das liberdades públicas, a tortura e o maltrato nas comisarías e nas cadeas: os chamados “anos de chumbo”. Así, no mes de novembro 300 personalidades da cultura do país ou radicadas en Francia, asinaron un manifesto redactado polo escritor Abdellatif Laâbi (exiliado no país galo dende 1985), onde se denunciaba a persistencia das prácticas liberticidas de outrora no Rif e o fracaso das reformas políticas levadas a cabo en 2011 por Mohamed VI <sup>53</sup>. Outras voces salientaron, así mesmo, as limitacións da xustiza transicional proposta polo IER, tanto no que respecta á continuidade das medidas represivas, como no relativo á reconciliación do conflictivo roteiro do Rif no seo do estado marroquí. <sup>54</sup>

Ao cabo, sería procedente se perguntar sobre as razóns que expliquen unha represión tan desmedida, moi superior á exercida no 20-F de 2011, por parte do aparato do estado magrebí. Arestora, non posuímos todas as claves para respostar, mais todo indica que o *maqzzen* considerou o *Hirak* como un desafío directo de masas ao seu “statu quo”. En concreto, semella que tanto a creba da lei do silencio, como a reactivación popular das estruturas comunitarias e simbólicas no Rif con independencia dos poderes do Estado, foron percibidas pola monarquía como unha perigosa deslexitimación da mesma diante do conxunto social, nun intre en que a confianza nas devanditas reformas, particularmente a nova Constitución, a rexionalización e o programa económico de desenvolvemento, está en devalo no conxunto do país. <sup>55</sup>

---

52 Número a simple vista nada esaxerado, pois houbo e aínda hai múltiples campamentos militares en diversos arrabaldes da cidade ou de Imzouren-Ait Bouayach.

53“Maroc, le pouvoir rattrapé par ses démons”, <http://www.annahjaddimocrati.org/AR/fr/info/international/2017/>, publicado o 6/11/2017.

54 Samad Ait Aicha, “Maroc: L’échec de l’équité et de la réconciliation, retour des années de plomb?”, Mediapart, 31/12/2017. É sabido que o IER non abordou a impunidade dos vitimarios. Asemade, no caso do Rif o IER desbotou a oportunidade para esclarecer as masacres dos anos 1958 e 1984, algo que a sociedade rifeña reclama de vez.

55 Hamza Esmili e Montasser Sakhi, op. cit.

## **Internacionalización.-**

Durante o mes de xuño e até a terceira semana de xullo na que se prevía unha toma de postura pública por parte do monarca, a estratexia do *Hirak* foi procurar apoio nas numerosas mobilizacións previstas por aqueles días no exterior do Rif <sup>56</sup>, para confluír na manifestación que se presumía masiva<sup>57</sup> convocada para a significativa data do 20 de xullo<sup>58</sup> por Nasser Zafzani antes da súa detención e reafirmada polos activistas prisioneiros que, asemade, chamaron o mesmo día á greve xeral e a enarborar bandeiras negras nas casas dos detidos. Mediante unha recen creada Coordinadora Europea de Solidariedade co Rif, se pretendían organizar caravanas automobilistas de emigrantes rifeños en distintos territorios (Holanda, Bélxica, Francia, Estado español, Italia...), para coincidir ese día en Al Hoceima. En Marrocos, só organizacións na órbita da esquerda radical como Federation de Gauche Democratique, Voie Démocratique, AMDH o ATTAC, tiñan conta de facer o propio, aínda que a Yemâa e o sindicato CDT tamén apoiaban en teoría a mobilización... De calquera xeito, o día 17 de xullo a Prefectura local prohibiu a convocatoria por motivos formais<sup>59</sup>, pero o relevante foi que o referido organismo xustificou o veto co Dahir de 1958, cuxa derogación é unha das reivindicacións do *Hirak* <sup>60</sup>. Eses días, as autoridades utilizaron todo o seu poder para impedir a chegada da xente a Al Hoceima, mediante a súa influencia política<sup>61</sup>, policial<sup>62</sup>

---

56 Bruselas o día 8; Dusseldorf; Casablanca e Tánger, as dúas só de mulleres en apoio de Silya Ziani -previstas para os días 7 e 8-; Paris, Montpellier, Barcelona e Torino, día 9; Melilla, convocada o día 18; Mallorca, Tarragona, Málaga, Madrid... En Barcelona houbo dúas, con grande participación a do 20 de xullo, e retransmisión “streaming” do que acontecía en Al Hoceima, logo repetida o 22,...

57 Pola hipotética presenza de rifeños emigrados en Europa, de vacacións no seu país.

58 Aniversario da vitoria rifeña e derrota española de Annual.

59 Seica na Prefectura non se recibiu solicitude de se manifestar e a convocatoria fíxose tan só polas redes sociais; os convocantes non tiñan entidade xurídica; segundo a Prefectura, na época estival había problemas de seguridade para os veraneantes...

60 Segundo os activistas do *Hirak*, o devandito decreto permite a militarización do Rif contemplada polo Estado como resposta á revolta daquel ano, sufocada a sangue e lume polo, daquela, príncipe herdeiro e futuro monarca Hassán II.

61 O Goberno acadou que a filla de Abd el Krim, Aicha El Khatabi, subscribise dende Rabat o seu chamamento a non asistir á convocatoria.

62 Houbo detencións previas de activistas en Al Hoceima, Nador e Targuist. Se estableceu un “cordon sanitario” impresionante, con 12 controis entre Nador e Al Hoceima (127 km.). A militarización foi extrema co exército rodeando Axdir e Al Hoceima polos montes, mentres a policía tomaba ata o último recuncho do casco urbano. Tamén se implementou un ficheiro de persoas que desexaban entrar na cidade e os impedimentos para acceder a Al Hoceima afectaron a numerosos autobuses. Por último, se interrompeu a telefonía móbil, internet se ralentizou para impedir que os xornalistas enviaran fotografías e, segundo parece, contas de correo e numerosos

e social<sup>63</sup>. Unha célula clandestina do *Hirak* planificou a convocatoria: paro xeral de comerciantes a partir das 14 horas; manifestación logo das 17 h....A tensión foi en aumento os días precedentes, nos que chegou moita prensa internacional á cidade. O resultado da convocatoria foi que, tras máis de 8 horas de tirapuxas na rúa, o *maqhzen* impediu unha única e multitudinaria protesta na Praza dos Mártires, mais o *Hirak*, sen líderes, a penas sen estrutura e sen medios, tomou igualmente o espazo público mediante concentracións espalladas, que chegaron a contar con ducias de milleiros de manifestantes, amosando unha determinación e unha afouteza que chamaron dabondo a atención aos informadores estranxeiros. En conclusión, o movemento popular autóctono demostrou ese día que acertou a reaxir fronte unha represión extrema<sup>64</sup>, que contaba coa simpatía e a solidariedade da maioría social rifeña<sup>65</sup> e que foi posíbel ocupar o espazo común e illar ás forzas policiais, consideradas popularmente como forzas de ocupación. De feito, xunto intervencións moi violentas daquelas<sup>66</sup>, se sucederon outras de certa contención e, mesmo, confraternización. A prensa europea e mundial presente (*Liberation, L'Humanité, Le Monde, Al Jazeera, El País, El Mundo, Reuters...*) deu conta en xeral da combatividade das accións e as restricións impostas á liberdade de información, contribuindo así a un certo illamento do *maqhzen* e á certeza de que o *Hirak* persistía. En calquera caso, tamén se evidenciaron quer as grandes dificultades que, en diante, terían as convocatorias públicas do movemento popular, quer as distintas actitudes manifestadas respecto da resistencia ás intervencións policiais: de feito, a xente que veu da contorna (Imzouren, Ait Bouayach, Tamassint...), tivo unha actitude máis proclive á confrontación coas forzas represivas.

---

teléfonos foron intervidos.

63 Os taxistas (un colectivo moi comprometido co *Hirak*, xa que Mohucine Fikri exerceu tamén esa profesión) recibiron ameazas de retirarlles a licenza se transportaban manifestantes.

64 Descrita pola AMDH nun detallado informe; <http://amdhparis.org/wordpress/wp-content/uploads/2017/08/Rapport-Hoceima-200717-Fr.pdf>. A asistencia ás manifestacións do 20 de xullo en Al Hoceima foi notable, tras o fiasco das caravanas europeas, que non apareceron por ningures e contando cunha participación moito máis reducida do agardado da diáspora. Tras o fracaso, a Coordinadora Europea de Solidariedade co Rif a penas volveu dar sinais de vida.

65 Algo evidenciado no paro total do comercio; a solidariedade dos automobilistas, facendo sonar os bucinas; o apoio da veciñanza, que abría as súas casas ou guindaban á rúa cebolas e auga para combater os gases lacrimóxenos, que fixeron estragos sen distinguir persoas de idade, rapazada ou mulleres...

66 Houbo ese día 35 detidos, entre eles o xornalista profesional marroquí Hamid Mahdaoui, acusado de alentado a manifestación da Praza dos Mártires. Na xornada, un veciño de Al Hoceima, Imad El Attabi, foi internado con grande secreto nun hospital de Rabat con morte cerebral, tras ser atinxido por un bote lacrimóxeno utilizado como proxectil; morreu oficialmente o 8 de agosto, mais correu o rumor de que se mantivo con vida artificialmente para non escurecer o discurso do rei, previsto para o 30 de xullo.

Logo do 20 de xullo e debido ao ferreño control policial, intensificouse a internacionalización do conflito, protagonizada pola emigración rifeña, cunha masiva manifestación de carácter nacionalista e republicano celebrada en Barcelona o 30 de xullo, día da Festa do Trono (aniversario da entronización de Mohammed VI), no que se agardaba o primeiro posicionamento público do rei e a posibilidade de que anunciase significativas medidas de graza. Unha vez que remitiu a mobilización en territorio rifeño a partir do mes de setembro, a diáspora asumiu protagonismo e dende entón son numerosas as concentracións, sentadas, mitins en prazas, etc. en distintos lugares do Estado español (Madrid, Barcelona, Murcia, Almería, Málaga, Bilbo, Iruña, Girona, Vic, Mataró...), Noruega, Francia, Italia y, sobre todo, Bélxica e Holanda, destacando as recentes convocatorias desenvolvidas en diversos lugares de Europa en conmemoración do aniversario da morte de Mouhcine Fikri e co gallo do procesamento de Nasser e os seus compañeiros.<sup>67</sup>

Ata o día de hoxe, é de salientar o forte impacto do movemento popular nas colonias rifeñas de Bélxica, Holanda, Francia e Catalunya (tamén, en menor medida, de Alemania, resto do Estado español -Madrid, Euskadi, Navarra, Andalucía, Murcia, Canarias- Italia, USA, Noruega...), cuxas actividades implementadas por organizacións propias de carácter solidario, están a ser relevantes despois do verán e ben recibidas pola poboación migrante: como consecuencia, as relacións entre a parroquia de alá e a de acolá, se estreitaron de xeito notorio fornecendo a *Hirak* dunha potente retagarda e iso ven sendo un importante diferencial verbo doutras crises do Rif dentro do moderno Estado marroquí, acontecidas nos anos 1958, 1984, 1990, 2004 e 2011.

A internacionalización do conflito, xa tivo algunhas derivacións indesexables para o *maqhzan*, como o foco informativo mundial en determinados episodios<sup>68</sup>, a presenza no Rif de varios deputados socialistas holandeses (con visitas ás familias de Nasser e outros activistas, incluídas) e belgas durante o Ramadán, a visita solidaria dunha representación do Congreso Internacional Amazigh á familia de Nasser Zafzani en Al Hoceima o 26 de xullo, o recente coloquio sobre o *Hirak* realizado no Parlamento Europeo, ou o delongado roteiro polos Países Baixos, Bélxica, Francia, Suíza e España de Ahmed Zafzafi, padre de Nasser, levada a cabo entre novembro de 2017 e febreiro de 2018. Nun grande esforzo para que as institucións europeas, pasivas ata ese intre, recoñezan o

<sup>67</sup><https://www.yabiladi.com/articles/details/58841/pays-bas-france-espagne-milliers-marocains.html>

<sup>68</sup> Detención de Nasser, sucesos do 26 de xuño e do 20 de xullo....

padecemento rifeño e contribúan a premer a Marrocos para evitar a represión, Ahmed Zafzafi foi recibido polo alcalde neerlandés-rifeño de Arnhem, Ahmed Marcouch, que expresou o seu apoio ás manifestacións do Rif, por varios deputados no Parlamento holandés, pola Comisión de Dereitos Humanos da ONU en Xenebra, polo grupo de goberno do Concello de Barcelona e nos Parlamentos español e andaluz a instancias de Podemos <sup>69</sup>. Froito de todas estas actividades son, tanto a recente intervención de Joan Tardá (ERC) no Parlamento español en defensa dos represaliados rifeños, como a resolución do Parlamento Europeo a instancias do Partido Socialista holandés de levar a cabo o vindeiro 28 de febreiro un debate sobre a situación do Rif, en xeral, e sobre os presos rifeños en particular. Son, en todo caso, unhas connotacións preocupantes para o estado alaouita, cuxa diplomacia e servizos secretos prestan, segundo o periódico inglés *Al Qud*, neste intre máis atención ao *Hirak* que ao conflito do Sáhara Occidental. Outro motivo de inquedanza para Marrocos é o desenvolvemento dun tecido asociativo propio vinculado á internacionalización solidaria co Rif, pois nesta xogaron e xogan un papel relevante tanto colectivos da sociedade civil de Al Hoceima, caso da veterana asociación rifeña "Memoire du Rif", crítica co *maqhzen*, como múltiples comités de axuda solidaria estendidos local y rexionalmente polos distintos países europeos, sen esquecer organizacións internacionais de dereitos humanos de recente creación e próximas a sectores nacionalistas e independentistas, tal que "Rif Alert" y ANZUF, radicadas en Holanda e Bélxica, respectivamente<sup>70</sup>. Todo este conglomerado solidario reunido en Francfort a comezos do presente mes de febreiro, foi quen de confluír e crear un comité internacional cuxo obxectivo é a liberación dos presos políticos rifeños.

Fora de Europa, algo se moveu así mesmo na Kabilia amazigh arxelina, onde houbo algunhas mobilizacións e funcionaron comités de apoio ao *Hirak* en Tizzi Ozu e Bejaïa durante a primavera e o verán; tamén, e para preocupación do goberno de Arxelia, se está a incrementar a colaboración e intercambio entre amazighs rifeños e cabilios na

---

69 Podemos, propón revisar as condicións para a concesión de recursos aos programas de cooperación internacional, para condicionar ao estado marroquí. Asemade, dentro da xira houbo o día 10 de decembro unha manifestación rifeña en Bruselas e varios actos públicos en París e Lyon presididos ambos polo pai de Nasser, que o día 23 do mes en cuestión tamén encabezou outra mobilización multitudinaria en Madrid.

70 [https://www.rifonline.net/Hirak-du-Rif-Des-activistes-de-l-Europe-creent-une-organisation-internationale-pour-soutenir-les-detenus-du-mouvement\\_a2213.html](https://www.rifonline.net/Hirak-du-Rif-Des-activistes-de-l-Europe-creent-une-organisation-internationale-pour-soutenir-les-detenus-du-mouvement_a2213.html) A aparición deste tecido solidario, o grande volume de actividades desenvolvidas Europa adiante e o propio financiamento da xira de Ahmed Zafzafi, amosan unha diáspora rifeña a cada máis comprometida co devalar do país e confrontada ao *maqhzen* marroquí.

emigración europea<sup>71</sup>. Pola contra, compre sinalar que no mundo árabe tan só en Túnez e Palestina se rexistraron reaccións solidarias illadas, todas elas con moi reducida asistencia e repercusión.

Por último, un aspecto moi importante da internacionalización é o aumento da atención prestada aos sucesos do Rif por parte de diversos organismos internacionais de dereitos humanos. A comezos de setembro de 2017, a organización Human Rights Watch, fixo público un informe moi crítico coa contundencia empregada polas forzas de orde pública na disolución das manifestacións, denunciando, asemade, a utilización da tortura tras as detencións. O informe, que acusaba ao rei como último responsable, levantou unha grande polémica en Marrocos, onde diversas organizacións de dereitos humanos reclamaron a apertura dunha investigación ao respecto, algo que non se levou a cabo<sup>72</sup>. Máis tarde, o 28 de novembro, Amnistía Internacional denunciaba as masivas detencións de manifestantes do *Hirak* e esixía a liberación de Nasser e o resto dos presos. Pola súa banda, Reporteiros sen Fronteiras recolleu no seu informe anual de 2017 unha mención especial sobre o progresivo recorte na liberdade de información en Marrocos, vinculada aos sucesos do Rif. E a mediados de xaneiro de 2018, houbo outras dúas tomas de postura de relevo: unha organización estadounidense, Freedom House, rebaixou a posición de Marrocos no seu índice mundial de liberdades, a causa da dura resposta do estado ás manifestacións acontecidas no Rif e outras zonas do territorio magrebí<sup>73</sup>; pola súa banda o “lobby” irlandés Front Line Defender Award, acordou nomear para o seu premio anual aos activistas do *Hirak*. Todo isto contribúe, non cabe dúbida, a situar ao estado marroquí baixo presión.

### **A intervención do rei Mohamed VI .-**

A ausencia de manifestacións públicas do monarca durante o verán<sup>74</sup> foi obxecto de todo tipo de especulacións, relativas a un posible indulto a aplicar aos detidos do *Hirak*, algo que logo non se confirmaría: así, non se concederon medidas de graza nin ao remate do

---

71 Arestora, a negativa do Parlamento arxelino de incorporar o idioma amazigh ao ensino público, está a provocar masivas manifestacións estudantís nese territorio; historicamente, estas mobilizacións identitarias na Kabília teñen forte repercusión no Rif.

72 <https://ledesk.ma/enclair/rif-le-plaidoyer-accablant-de-human-rights-watch/>

73 *La Vanguardia*, 18/01/2018.

74A excepción do toque de atención ao Goberno mediado xuño, debido ao retraso en aplicar o devandito Plano de Desenvolvemento, chamada que perseguía concentrar no Executivo toda a presión e zafar á monarquía de calquera responsabilidade.

Ramadán, nin ao finalizar o ano político tras o discurso anual do 30 de xullo, nin co gallo do aniversario do rei. A persistencia do silencio real que, por acaso, pretendía evitar que as análises políticas puxesen o foco nun guieiro unipersoal (suxeito a crítica, por outra parte, por incompetente e ditatorial) do país, provocou na poboación rifeña o efecto contrario: un maior desleixo e desconfianza, se cabe, na monarquía, habida conta que o monarca pasou boa parte da época estival na praia de Bouskour, próxima a Al Hoceima. Endebén, o nulo resultado das presións do entorno de Mohamed VI<sup>75</sup> para acadar que o "núcleo duro"<sup>76</sup> solicitase o indulto dos encadeados, sumado ao fracaso das negociacións levadas a cabo polo estado magrebí coa secretaría da ONU para conseguir a paz social en troques da liberdade dos presos, reflectiu o cativo marxe de manobra do rei á hora de poder adoptar medidas que pacificasen a zona, sen abordar unha reforma substancial do *maqzen*<sup>77</sup>.

Sen concesión algunha, o "núcleo duro" negouse a pedir o indulto porque consideraban que non cometeran delito algún, reclamando a previa posta en liberdade dos presos/as, como premisa para negociar. Esta postura mantívose firme ata o discurso do rei, que ao cabo tivo lugar o 29 de xullo. Porén, a maior ou menor esperanza nunha posible actitude positiva do rei, provocou antes do devandito discurso algunhas diferenzas dentro do movemento popular. Uns, pediron o indulto e a "compaixón" de Mohammed VI (60 presos, eles ou as súas familias; 5 en Nador, 24 en Casablanca; 31 en Al Hoceima), sendo proclives na súa maioría a unha tregua social posterior e a restrinxir as críticas ao goberno, salvagardando a figura de Mohamed VI. Outros (o "núcleo duro"), seguen a día de hoxe esixindo unha amnistía incondicional e están a prol da continuidade do *Hirak*, sen obviar a responsabilidade da monarquía. Uns (neste caso, o "núcleo duro" do *Hirak*, en coincidencia cos máis moderados), preferiron agardar ao discurso do monarca sen saír á rúa, para así facilitar unha presunta decisión benevolente. Outros (simpatizantes do independentista Movemento "18 de Setembro"; habitantes de Imzouren e contorna) preferiron emprazalo a tomar medidas, sen renunciar ás mobilizacións na rúa sen demora. O previo cese (25 de xullo) da greve de

---

75 Co CNDH como intermediario e co PAM, apoiado mais que nada nos cargos locais deste partido no Rif, como hipotético beneficiario dunha progresiva cooptación do movemento, que, ata o momento, non se ten producido.

76 Composto polo *Hirak* clandestino dirixido por varias células e os familiares directos dos principais activistas como Nasser, Jelloul, Nabil, El Mehaoui....

77 Eis, unha nova reforma constitucional, un avance significativo na chamada rexionalización, unha drástica depuración de responsabilidades nos ministerios de Finanzas e Interior, ...



fame da maioría dos activistas<sup>78</sup> e o chamamento destes e das súas familias a non se manifestar o 30 de xullo, puidera facer pensar que se estivo a preparar o terreo para un posible indulto xeral por parte de Mohammed VI. Non obstante, as principais premisas da intervención do rei estiveron moi lonxe de cumprir as expectativas populares; velaí:

- Indulto para 36 activistas (11 deles, menores de idade; entre as indultadas estaba Silya Ziani), de maneira que mesmo 24 dos que pediron o perdón real, quedaron fora.
- Apoio explícito e rotundo do rei ás medidas "securitaires" e forzas de orde pública.
- Reafirmación das iniciativas de rexeneración socioeconómica previstas para o Rif e impulsadas polo monarca, concretadas no Plano de Desenvolvemento "Al Hoceima, Phare du Mediterranée".
- Crítica ao funcionariado, aos partidos e aos cargos públicos, pola súa incompetencia e desleixo na posta en marcha das medidas socioeconómicas propostas pola monarquía, non só no Rif mais tamén en todo Marrocos.
- Defensa acesa das privatizacións no sector público.
- Ausencia de referencias ao Rif como entidade singular, diluíndo as súas necesidades nas de todas as rexións do país, subordinadas todas elas a unha suposta falta de recursos.
- Referencias retóricas a unha hipotética rexionalización e, en xeral, a calquera posible reforma do sistema político imperante.
- Ausencia total de autocrítica respecto do *statu quo* da monarquía.

Como efecto inmediato, o discurso real provocou a dimisión do secretario xeral do PAM, o rifeño Ilyas El Omari, posto en cuestión segundo a rumoroloxía popular por certos indicios de corrupción relacionados co "holandés" Said Chaou. Porén, a impotencia do partido para exercer a intermediación co *Hirak* (e manter impoluta a figura do rei) e crebar a súa unidade mediante o clientelismo, semella estar detrás da súa caída en desgraza fronte ao monarca<sup>79</sup>.

Na concorrida manifestación internacional celebrada en Barcelona ao día seguinte do discurso real, evidenciouse a contundente resposta de amplos sectores da emigración á belixerante intervención de Mohamed VI; unha resposta en chave reivindicativa da

---

78 Excepto Rabiá e o veciño de Imzouren Radouine Afassi, que o 5 de agosto levaba 18 días de greve de fame.

79 [https://elpais.com/internacional/2017/08/08/actualidad/1502207916\\_789696.html](https://elpais.com/internacional/2017/08/08/actualidad/1502207916_789696.html)

nación rifeña (con acento independentista?), levada a cabo en paralelo ao apoio solidario doutras correntes nacionalistas do Estado español, caso de Euskadi e Catalunya. Pola súa parte, a resposta dos presos do *Hirak* foi de cualificar o discurso de "baleiro" e irrelevante para a construción dun escenario distendido e de diálogo, previo á liberación de todos os presos. Estes, priorizan para a súa defensa tanto a loita popular como a intervención de organismos internacionais de dereitos humanos, sen confiar nas intencións benfeitoras do monarca, cuxa lexitimidade tras a oportunidade perdida do discurso comezou a ser posta en cuestión por boa parte da poboación rifeña, que considerou a postura de Mohamed VI como unha aposta pola confrontación. Pola contra, certos avogados e activistas moderados (El Mortada, Hamdiou) fixeron unha lectura positiva e conciliadora, agradecendo o xesto real e chamando a unha tregua social que puidera facilitar o diálogo e deixar intocable a figura do monarca.

En definitiva, Mohamed VI semella terse decidido pola política do “pau e a cenoura”, mantendo a orde pública a toda costa sen admitir presión algunha por parte do *Hirak*, e incentivando, ao tempo, a presenza pública de xorne propagandístico do *maqzen*, mediante múltiples obras de diversa entidade e interese económico e social. Esta tónica se mantivo ata o 28 de outubro, data na que o descrédito do *maqzen* e o escandaloso retraso de moitas das iniciativas do referido (e discutido) Plano de Desenvolvemento<sup>80</sup>, determinaron o cese inmediato ordenado polo monarca de catro ministros e outros funcionarios gobernamentais, acusados todos eles de negligencia<sup>81</sup>. Arestora, cando se cumpren 15 meses do nacemento do *Hirak*, tras un período (finais de maio ata decembro de 2017) no que a represión governamental deixou dous mortos, máis de mil detencións, varios centos de persoas en prisión ademais de numerosos exiliados, co movemento popular sumido na clandestinidade e a poboación na desesperanza, a desafección das clases populares do Rif<sup>82</sup> verbo dos partidos políticos e aparato do

---

80 Novo hospital; conservatorio de música; complexo hoteleiro Souani; urbanización de Bouquidar e Imzouren... En Al Hoceima, o sentir xeral é que moitas das obras (singularmente as de urbanización) non teñen maior utilidade pública e fanse por interese das propias construtoras, que, a maiores, aportan o seu propio persoal sen contratar a penas xente no Rif. Tamén está moi estendida a crítica ao modelo de desenvolvemento baseado íntegramente nun turismo depredador no social e no ambiental, sustentado polo devandito plano “Al Hoceima, Ville Phare de la Méditerranée”. En realidade, a poboación síntese apartada destes programas de desenvolvemento, impostos sen debate e sen fiscalización algunha por parte duns intermediarios políticos sumidos no descrédito; Reda Zaireg op. cit..

81 <http://www.europapress.es/internacional/noticia-mohamed-vi-cesa-cuatro-ministros-retrasos-plan-desarrollo-alhucemas-20171024205109.html>

82 Na actual fase de persecución política e logo de coquetear co movemento popular no seu inicio, as mirradas elites de Al Hoceima, desvinculáronse do *Hirak*. Agora, uns bótanlle a culpa

estado en xeral, atinxe o seu grao máximo. Como consecuencia, conscientes do seu desprestixio e impotencia, os dirixentes políticos locais están a limitar as súas intervencións públicas na capital rifeña de Alhucemas, sen que iso impida que o Ministerio do Interior tamén lles someta a algúns deles a vixilancia. Por último, a relativamente importante actividade cultural da cidade se resentiu de maneira notable, debido ao repregue social derivado non só da intensidade represiva, mais tamén pola crise de representatividade que salfere así mesmo tanto ás institucións locais (na súa maioría rexidas polo PAM), como ás organizacións e asociacións da sociedade civil.<sup>83</sup>

### **A muller no *Hirak*.**

O papel da muller no movemento popular evolucionou co tempo: primeiro houbo unha presenza moi cativa; despois do 8 de marzo, tras a manifestación onde se celebrou en Al Hoceima o Día da Muller (dunha maneira un chisco paternalista e fagocitada polo *Hirak*, é certo) e que contou cunha participación feminina masiva, as cousas mudaron, de maneira que se pode considerar ao *Hirak* como un fito importante para a actividade pública da muller na cidade. Mesmo en días de forte confrontación, como o 26 de xuño, as mobilizacións do bairro de Sidi Abid durante o Ramadán, ou a manifestación do 20 de xullo, as mulleres xoves y de máis idade foron moi visibles, mesturadas co resto dos participantes sen ningunha sorte de separación; tampouco a policía fixo distincións á hora de actuar de xeito contundente. Porén, na multitudinaria convocatoria do 10 de xuño en Rabat, as mulleres da Yemâa foron aparte; tamén en Imzouren (localidade con influencia islamista) e noutras localidades detectamos prácticas semellantes, veiculizadas non só pola Yemâa, sino polo propio movemento clandestino, non sabemos se pola influencia en ascenso daqueles tra a demostración de Rabat, ou pola necesidade de adoptar estratexias acaídas para minorar a represión. Así, no devalo de xullo, un cento de mulleres de todas as idades realizaron na Praza 3 de Mars<sup>84</sup> de Alhucemas unha sentada, berrando lemas do *Hirak*; Esta iniciativa feminina na súa totalidade, non estaba, en aparencia, impulsada pola Yemâa. Estas prácticas de marxinação ou

---

do acontecido á combativa xente da contorna: os de Imzouren, Ait Bouayach e Tamassint, xente “bárbara e inculta” do rural que “invade” a capital e compromete á súa sensata veciñanza....Outros, comerciantes e hosteleros acomodados, mesmo asinaron un comunicado acusando ao *Hirak* de causar o devalo económico da cidade.

83 Ángela Suárez-Collado, op. cit.

84 Antiga Praza de España, hoxe coñecida popularmente como Praza Chita.

encadramento feminino, causaron non pouca preocupación en colectivos feministas laicos, tal que Forum de Femmes, moi activo na zona.

Até o seu indulto, estivo na cadea Silya Ziani, mais tamén outras mulleres foron detidas (Nawal Ben Aissa, nai de 4 fillos e oradora habitual nas prazas, en tres ocasións; Hadya Ziyani...) e liberadas aos poucos tras ser ameazadas se persistían no seu apoio ao movemento popular<sup>85</sup>; hai, así mesmo, algunha muller exiliada en España. Esta tendencia de progresiva intervención feminina, veuse reforzada nos días anteriores ao discurso real do 29 de xullo, onde semella que destacadas activistas tomaron o relevo dos dirixentes presos: a actitude decidida e protagonista do comité de mulleres de Al Hoceima que liderou o 27 de xullo unha grande manifestación en Aroui, con presenza destacada da nai de Nasser e da propia Nawal Ben Aissa, así parece indicalo.

### **Apuntamento final.-**

Ata o 30 de xullo, o *Hirak* clandestino mantivo daquela maneira a tensión mobilizadora nas provincias de Al Hoceima, Driouch e Nador, así como en Casablanca, se ben a fracción moderada partidaria dunha tregua para avaliar a evolución das promesas gobernamentais e as hipotéticas investigacións en curso<sup>86</sup> sen cuestionar o papel do rei, fíxose notar. O discurso desta fracción, been puido confluír con algunhas voces do PAM (caso do presidente da Cámara municipal de Al Hoceima, Mohamed Boudra ou do propio Ilyas El Omari), do Istiqlal ou do mesmo goberno, favorables a unha paseniña posta en liberdade dos presos, para negociar en paralelo unha paz social que permitise desenvolver o programa “Al Hoceima, Ville Phare de la Mediterranée”. Isto, en calquera caso, non tivo lugar e o fracaso desta intermediación foi patente.<sup>87</sup>

Cunha estrutura clandestina que descoñecemos, composta por varias células (e onde semella que o apoio da colonia rifeña en Europa xoga un papel a cada máis relevante), neste intre a maioría do *Hirak* tería unha avinza en torno a varios puntos:

---

85 Coñecemos o caso dunha rapaza de Imzouren que foi maltratada na Comisaría local; tamén unha filla de Mohamed Jelloul foi apresada por pouco tempo na mesma localidade.

86 Como demostrou o paso do tempo, estas “enquêtes” relativas aos abusos penitenciarios e policiais, ou á corrupción administrativa, non tiveron outra repercusión pública que a mínima condena dos xendarmes implicados na morte de Fikri e o susodito cese ministerial.

87 Quer pola debilidade desta postura dentro do *Hirak*, quer pola ausencia de autonomía do segmento menos “securitaire” dos partidos políticos e personalidades partidarias da monarquía, respecto das decisións de Mohamed VI, inflexibles no tocante á liberdade dos presos.

- Liberación de presos, como algo previo a calquera negociación.
- Pacifismo nas accións.
- Continuar coas reivindicacións sociais, económicas e culturais, facendo fincapé na desmilitarización da zona e na derogación do Dahir de 1958 que a permite.
- Prescindindo da clase política e da contorna do monarca, sitúase a Mohammed VI como único interlocutor e, ao tempo, responsable de centralizar un estado ineficiente.
- Incrementar a presión internacional, en particular sobre os organismos de dereitos humanos, cuxa presenza no Rif se pretende.<sup>88</sup>

Estes activistas, pensan que o desgaste do *maqzen* (estado e goberno) e o descrédito dos partidos políticos xa afectan á figura do rei, polo que tan só unhas medidas contundentes adoptadas pola monarquía, poden atemperar a situación. Se non é así, unha vez superada a actual fase de desesperanza e desánimo tras o escurecemento público do *Hirak*, se podería entrar nun escenario de deslexitimación máis ou menos acelerada do sistema e a eclosión progresiva do sentimento nacional rifeño, a cada máis presente na diáspora. Nesta posible paisaxe social, caracterizada por unha represión atafegante que só arela descabezar e desactivar o movemento, sen aportar solucións efectivas aos graves problemas derivados da marxinação económica e a exclusión política do Rif evidenciados polo *Hirak*, non é descartable unha futura confrontación asimétrica en múltiples espazos e unha deriva sociopolítica de consecuencias futuras impredecibles tanto para o Rif como para Marrocos. Como apuntaban Montassir Sakhi (antigo integrante do movemento 20-F) e Hamza Esmili nun recente debate celebrado en París, o *Hirak* xurdido das entrañas populares rebordou non só as formas actuais do despótico Estado marroquí, mais tamén da moderna democracia representativa; polo tanto, as súas aspiracións poden ir máis lonxe. Neste contexto, tamén é previsible a incorporación progresiva da zona oriental ás mobilizacións, algo xa detectado en Aroui, Nador e Zegangan a cabalo entre 2017 e 2018; se iso acontece, hai indicios de que o *Hirak* podería capitalizar a explosiva situación que se vive na fronteira con Melilla, tras as medidas españolas para limitar o contrabando.

Na actual situación, tampouco son descartables nun futuro inmediato fugas masivas por mar cara a costa española, como a protagonizada o 22 de xullo por 15 xoves rifeños

---

<sup>88</sup> Está prevista a visita da Comisión de Dereitos Humanos da ONU ao Rif na alborada do ano 2018.

que arribaron a Málaga nunha zodiac ao berro de "Tillali" (liberdade) e repetida o 3 de agosto por un grupo de migrantes que enarboraron bandeiras amazighs<sup>89</sup>. E tamén existe a posibilidade de que nesta escura fase clandestina, en boa medida espontánea, se incrementen as accións monopolizadas pola Yemâa na contorna de Imzouren, excluindo ou subordinando ás outras correntes, en consonancia coa súa capacidade de focalizar a resistencia ao *maqhzen* a nivel nacional.

En resumo, segundo a nosa particular apreciación, a innegable prevalencia de “as cousas de comer” no *Hirak*, non agacha un feito diferencial vivamente sentido nas capas populares e que non ten arestora nin concreción política partidaria, nin tampouco é considerado na anódina rexionalización de Marrocos, valorada como antídoto a unha autonomía política efectiva<sup>90</sup>. Como exemplo, cabe subliñar que a consigna máis utilizada nas manifestacións post-Ramadán foi "3acha Rif" (“viva o Rif”), como evidencia da grande identificación da xente do común co seu territorio<sup>91</sup>. E, para envexa da desmemoriada Europa, na axitada traxectoria do movemento popular rifeño a memoria histórica do país semella estar moi presente en importantes capas da poboación: a evocación da loita anticolonial na omnipresente efixie de Abd el Krim, tomada como referente das convocatorias no antigo espazo territorial da República do Rif, se suma nas de Senhaya á de Abbas Messadi, case descoñecido heroe do Exército de Liberación Nacional no tempo da independencia de Marrocos.

Tras 15 meses de revolta incesante, acreditamos na certeza do renacemento, tras Abd el Krim (1921) e Haj Sellam Ameziane (1958), do nacionalismo rifeño de masas sustentado na diáspora. Veremos qué rumbo toma e a reacción do *maqhzen*, temeroso da súa incidencia, ao seu activismo.

---

89 Segundo o ruxe-ruxe local, no verán pasado rexistrouse un aumento exponencial das fuxidas por mar desde o Rif, protagonizadas moitas delas por simpatizantes do *Hirak*. De feito, nese período triplicáronse os rescates de Salvamento Marítimo nas costas españolas, cun aumento notorio dos magrebís verbo dos subsaharianos; entre as razóns, os medios españois barallan a difícil situación económica en Marrocos e tamén as revoltas do Rif; ver [www.20minutos.es/noticia/3123198/0/llegada-inmigrantes-patera-triple-verano-marroquies/](http://www.20minutos.es/noticia/3123198/0/llegada-inmigrantes-patera-triple-verano-marroquies/)

90 Bernabé López García, “Regionalización fallida”, *El País*, 1/9/2017. Sobre as orixes do movemento autonomista rifeño, ver Ángela Suárez-Collado, “La sociedad civil frente al proceso de regionalización: el caso del Rif”, *Revista Estudios Internacionales y Mediterráneos*, Madrid, nº9, 2010.

91 Velaí o relato dun cineasta franco-marroquí, Kamal Hacjkar, asistente á manifestación do 20 de xullo en Al Hoceima: “*Más lejos, se organizaban otras concentraciones. Más allá de las reivindicaciones socioeconómicas legítimas, pedían ser reconocidos en su singularidad y ser respetados y considerados*”. Arrif.info, publicado o 28/7/2017

**Santiago Vences**